

Certificado

M^a Pilar Cela Alvarez, secretaria accidental do Concello de Oleiros (A Coruña).-

CERTIFICADO:

Que na sesión extraordinaria da Xunta de Goberno Local que tivo lugar o día 25 de abril de 2016, adoptouse o acordo seguinte:

"Punto 3.- Aprobación, se procede, das bases específicas e convocatoria para a concesión de axudas a deportistas para asistencia a campionatos internacionais. Ano 2016

"A participación en competicións deportivas oficiais de carácter internacional supón para os deportistas que acceden a elas un importante esforzo de dedicación e duros adestramentos. Asemade implica tamén unha serie de gastos de desprazamentos que os leva a facer un desembolso económico considerable.

No noso Concello contamos con rapaces/zas, homes e mulleres, que son seleccionados polas federacións de diferentes modalidades deportivas para competir en campionatos de carácter internacional e que levan o nome de Oleiros por diferentes lugares do mundo.

Conscientes da importancia que as circunstancias sinaladas teñen para esta Concellería, consideramos que, como vimos facendo desde hai anos, debemos seguir colaborando con estes deportistas, coa convocatoria de axudas para asistir a campionatos de carácter internacional.

Polo exposto, á Xunta de Goberno Local

PROPONSE:

A aprobación das Bases específicas e convocatoria para a concesión de axudas polo Concello de Oleiros a deportistas para asistencia a campionatos internacionais no ano 2016, con cargo á aplicación orzamentaria 81.341.48902."

E para que conste expido este certificado en conformidade co que dispón o artigo 204 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro (ROF), de orde e co visto e praxe do Sr. Alcalde e coa advertencia á que a fai referencia o artigo 206 do ROF citado e a reserva dos termos que resulten da aprobación da acta; Oleiros, 27 de abril de 2016.-

Vº e Praxe

O alcalde,

Ángel García Seoane

